

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2023/16

DATA: mércores 30 de agosto de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:16 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA ACCIDENTAL VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

TESOUREIRA PALOMA CAINZOS ORDUNA

ASISTEN

BNG

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

SARELA BETANZOS FREIRE

PP

ANTONIO ISORNA VICENTE

RAMON VICENTE VICENTE

MARIA ELENA ABUIN CAROU

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE

PSdeG-PSOE

MARIA ELENA OTERO OTERO

OSCAR RIAL LAGO

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO

TAMARA GARCIA MUÑIZ

Rianxo en Común

JULIO ALCALDE HERMO

ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO

JOSE ALBERTO ANGUEIRA GOMEZ

OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

AUSENTES

PP

ALICIA CAROU ROMERO

ORDE DO DÍA

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. DESESTIMENTO DA LICITACIÓN POR ERRO NON SUBSANABLE NA PREPARACIÓN DO CONTRATO, E APROBACIÓN DO INICIO DUNHA NOVA LICITACIÓN PARA A CONCERTACIÓN DUNHA PÓLIZA DE CRÉDITO PARA FINANCIAR A OBRA REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000017 e identificado pola pegada dixital:

8e9be725fa12edd6e8ddb534ba00b627cf9b2efc2f91faa0062162decf7e8da

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=Sy_sQZktvZw

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urxencia na convocatoria deste pleno ven dada por razóns de interese público, pois a obra, para cuxo financiamento se concerta esta operación de préstamo, está á súa vez cofinanciada con cargo ás axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, tendo que estar executada e xustificada antes do 30/09/2024; e dado que o prazo de execución que se recolle no proxecto técnico é de 12 meses, obriga a que a tramitación do expediente se faga coa máxima premura posible.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a ratificación da urxencia nos termos desta.

2 DESESTIMENTO DA LICITACIÓN POR ERRO NON SUBSANABLE NA PREPARACIÓN DO CONTRATO, E APROBACIÓN DO INICIO DUNHA NOVA LICITACIÓN PARA A CONCERTACIÓN DUNHA PÓLIZA DE CRÉDITO PARA FINANCIAR A OBRA "REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO".

Dáse lectura da proposta presentada:

1.- Con data 24/05/2023 dítase providencia de alcaldía para iniciar o expediente de contratación dunha operación de préstamo por importe de 1.090.639,26 € para dar cobertura á obra de "Rehabilitación do Pazo do Martelo", que ascende a un importe total de 1.952.793,03 euros, e que conta cunha axuda concedida no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, por un importe concedido de 978.709,98 €.

2.- Con data 24/05/2023 a tesoureira municipal emite informe cas condicións e redacción dos pregos reguladores da contratación da operación de crédito.

3.- Con data 24/05/2023 a interventora municipal emite informe de fiscalización favorable.

4.- Con data 24/05/2023 emítese informe pola secretaria municipal,

5.- Con data 25 de maio de 2023 o Pleno da Corporación aproba o prego de cláusulas administrativas xerais e prescricións técnicas do contrato para a concertación da operación de préstamo e dispón a apertura do procedemento de licitación aos efectos de que as entidades interesadas presenten proposicións,

6.- Con data 31/05/2023 procédese á publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector público;

7.- Con data 20/06/2023, a mesa de contratación procedeu á apertura do sobre único das entidades bancarias licitadoras, presentando proposicións en prazo as seguintes empresas e cas seguintes condicións:

Nombre Empresa	CIF	Fecha presentación.	Tipo fixo	Tipo variable	Comisións e gastos	Xuros de mora
BANCO SABADELL SA	A08000143	15/06/2023	3,83%	EUR. 3M+0,87%	0	Tipo vixente+0,70
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA	A48265169	19/06/2023	Non ofrece	se EUR 3 MESES+ 1,03%	Exento	+2% sobre tipo interés contractual
ABANCA	A70302039	16/06/2023	Non ofrece	se EUR A 3M+ 0%		1% adicional sobre o

Nombre Empresa	CIF	Fecha presentación.	Tipo fixo	Tipo variable	Comisións e gastos	Xuros de mora
CORPORACION BANCARIA SA		023	ofrece	0,88%		tipo de interés ordinario

Revisada a documentación administrativa presentada por cada un dos licitadores, acórdase por unanimidade da mesa admitir á licitación a todas as entidades presentadas, e dar traslado da oferta presentada por cada un dos licitadores, para a súa valoración polos servizos técnicos, de conformidade co establecido na cláusula 7ª das bases que rexen a licitación.

8.- Con data 11/07/2023, a mesa de contratación dá conta do informe emitido pola tesoureira municipal en data 09/07/2023, e que conclúe que: *"...a oferta que presenta menor custe financeiro, previsiblemente, é a do BANCO DE SABADELL SA, sendo a opción de tipo variable a que resulta mais beneficiosa, dadas as estimacións de minoración de xuros a partir do segundo semestre de 2024:*

Á vista das ofertas e do informe de Tesourería, a mesa acorda que:

- *A entidade financeira que presenta a mellor oferta con tipo de interese variable é o Banco Sabadell, SA*

- *A única entidade financeira que presenta unha oferta con tipo fixo é o Banco Sabadell, SA.*

O informe de Tesourería decántase pola opción de tipo de interese variable do Banco Sabadell, polas estimacións de redución de tipos de interese a partir do segundo semestre de 2024. Con todo, a mesa considera conveniente un maior detalle na comparación da oferta con interese fixo e variable presentada dita entidade.

En consecuencia e tendo en conta que a tesoureira municipal está actualmente de vacacións, a mesa acorda que polos servizos económicos municipais emítase informe comparativo dos intereses fixos e variables da oferta presenta polo Banco Sabadell, SA., quedando a mesa en suspenso ata a emisión do informe indicado.

9.- Con data 18/07/2023 a mesa de contratación dá conta do informe emitido pola intervención municipal en data 17/07/2023, e que conclúe que: *"...considero que é máis beneficiosa a opción do tipo de xuro variable, no caso de cumprirse as expectativas actuais de redución do euríbor.*

Non obstante, poño de manifesto que o contexto actual é de incerteza elevada, o que achega inconsistencia aos escenarios hipotéticos tidos en conta. Neste momento resulta moi complexo e arriscado presentar estimacións sólidas dos xuros, polo que este informe debe terse en conta con todas estas matizacións.

Á vista das ofertas, do informe de Tesourería, e do informe de intervención, a mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda que: Primeiro.- Asumir o contido dos informes de tesourería e intervención, e propoñer a concertación da operación de préstamo con tipo de interese variable, ao entender que é a mellor opción, atendendo ás previsións actuais. Segundo.- Clasificar as ofertas presentadas por orde decrecente, atendendo ao menor custo financeiro para o concello de Rianxo:

ORDE DE CLASIFICACIÓN	Nome Empresa	CIF	Tipo fixo	Tipo variable	Comisións e gastos	Xuros de mora
1º	BANCO SABADELL SA	A08000143	3,83%	EUR. 3M+0,87%	0	Tipo vixente+0,70
2º	ABANCA CORPORACION BANCARIA SA	A70302039	Non se ofrece	EUR A 3M+ 0,88%	0%	1% adicional sobre o tipo de interés ordinario
3º	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA	A48265169	Non se ofrece	EUR 3 MESES+ 1,03%	Exento	+2% sobre tipo interés contractual

Terceiro.- Propoñer ao órgano de contratación a concertación da operación de préstamo coa entidade Banco Sabadell, SA, con tipo variable, ao ser a mellor oferta, en relación ao custe financeiro que supón para a entidade. Cuarto.- Requerir a Banco Sabadell, SA, para que, mediante comunicación electrónica, dentro do prazo de 3 días hábiles, a contar desde o envío da comunicación, presente, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, a seguinte documentación, de conformidade co establecido na Cláusula 10.2 das Bases que rexe a licitación: Acreditación de poder bastante de representación da persoa que vaia a proceder á firma do contrato, Modelo do contrato a asinar, Certificado estar corrente coas débedas tributarias, incluídas as do concello, e coa Seguridade Social.

10.- Con data 19/07/2023 requíreselle a Banco Sabadell, SA, para que, mediante comunicación electrónica, dentro del plazo de 3 días hábiles, a contar desde el envío de la comunicación, presente, a través de la Plataforma de Contratos del Sector Público, la siguiente documentación, de conformidad con lo establecido en la Cláusula 10.2 de las Bases que rigen la licitación:

- Acreditación de poder bastante de representación da persoa que vaia a proceder á firma do contrato.

- Modelo do contrato a asinar.
- Certificado estar corrente coas débedas tributarias, incluídas as do concello, e coa Seguridade Social.

11.- Con data 24/07/2023 a entidade Banco Sabadell, SA,, achega a documentación requirida, composta polos seguintes documentos:

- Póliza
- Poder tipo B y bastanteo
- Certificado de estar al corriente ante SS
- Certificado de estar al corriente ante Hacienda
- ANEXO 2 Rianxo
- ANEXO 1 Rianxo

12.- Con data 27 de xullo de 2023, en sesión ordinaria do Pleno da Corporación, acórdase: PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato de CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A OBRA DE "REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO" á Entidade Bancaria, BANCO SABADELL, S.A. CIF A-08000143, na modalidade de xuro variable (EUR. 3M+0,87%), ao entender que é a mellor opción, atendendo ás previsión actuais, e nas condicións que se indican, SEGUNDO.- Notificarlle os licitadores presentados a adxudicación así como ordenar a publicación no perfil do contratante deste acordo. TERCEIRO.- Formalizar o contrato no prazo de 5 días hábiles dende a notificación do acto. Publicar a formalización nos medios indicados para o anuncio de adxudicación. Comuníquese ao Rexistro de Contratos do Sector Publico antes de rematar o primeiro trimestre do ano seguinte á contratación, e ao Consello de Contas de Galicia. CUARTO.- Nomear director do contrato á tesoureira municipal notificándolles aos efectos cara a cumprir co estipulado no contrato, e pregos que rexen esta licitación.

ORDE DE CLASIFICACIÓN	Nombre Empresa	CIF	Tipo variable	Comisións e gastos	Xuros de mora
1º	BANCO SABADELL SA	A08000143	EUR. 3M+0,87%	0	Tipo vixente+0,70

13.- Con data 28/07/2023, requíreselle ao Banco Sabadell para modificación do Anexo 2, presentado para formalización do contrato, ó contravir as Bases reitoras da licitación, nos seguintes termos: "...Dito Anexo establece o seguinte: "ANEXO Nº 2 A LA PÓLIZA DE PRÉSTAMO MERCANTIL A INTERÉS VARIABLE REVISABLE BASÁNDOSE EN EL EURIBOR Nº 807801212545 el cual forma parte integrante de la misma a todos los efectos ESTIPULACIONES ADICIONALES:

PRIMERA.- Las partes contratantes manifiestan que si bien se ha hecho constar en la Póliza de

Préstamo identificada en el encabezamiento y de la cual este Anexo pasa a formar parte integrante, la entrega del total capital del préstamo mediante abono de su importe en la cuenta designada como cuenta de abono del préstamo, a petición del/de los Prestatario/s, dicha entrega se efectuará en la mencionada cuenta en la forma que se indica en la presente estipulación. A tal efecto, las partes contratantes convienen y pactan:

1º.- Modificar el contenido del apartado a) de la Estipulación 1ª.- "Objeto del contrato", que queda redactado a todos los efectos de la siguiente forma: "El Banco ha concedido al Prestatario un préstamo mercantil por importe de UN MILLON NOVENTA MIL TRESCIENTOS SESENTA Y NUEVE CON VEINTISEIS CENTIMOS (1.090.369,26 Euros), efectuándose la entrega del capital mediante solicitudes de disposición a efectuar por escrito por parte del Prestatario por hasta como máximo el día de 30 de junio de 2025. A este respecto, se deja expresa constancia que se entenderá cancelado el importe del préstamo que no haya sido dispuesto durante el período de tiempo anteriormente mencionado."

2º.- Añadir el siguiente párrafo a la Estipulación 3ª "Intereses": "Al tratarse de un préstamo del que se podrá disponer fraccionadamente según lo previsto en el anterior apartado a) de la Estipulación 3ª, los intereses de cada período, corresponderán al capital efectivamente dispuesto en cada momento."

3º.- Añadir el siguiente párrafo a la Estipulación 4ª "Amortizaciones": "Al tratarse de un préstamo del que se podrá disponer fraccionadamente según lo previsto en el anterior apartado a) de la Estipulación 1ª, las amortizaciones de capital, corresponderán al apital efectivamente dispuesto en cada momento."

4º.- Que los importes que constan en los apartados que se indican a continuación de las Estipulaciones Particulares de la Póliza, son los importes que se corresponden para el caso de que se disponga del importe total del préstamo, esto es de UN MILLON NOVENTA MIL TRESCIENTOS SESENTA Y NUEVE CONVEINTISEIS CENTIMOS EUROS (1.090.369,26 Euros): Importe total intereses primer período: 12.452,02 EUR."

A Estipulación Primeira, 1ª, relativa á disposición do capital, non se axusta ao contido das Bases. En concreto:

► Base terceira: "O período de dispoñibilidade da conta de crédito comezará na data en que se formalice o contrato e durará ata 31.12 do ano 2043 data na que en todo caso se producirá a consolidación da débeda."

► Base sexta: "6.4. As proposicións estarán integradas pola seguinte documentación:

* Anexo 1 .Incluindo modelo de declaración responsable xunto coa oferta económica que respectará os tipos e diferenciais máximos establecidos no apartado "A" das condicións técnicas de conformidade co seguinte modelo:

Consonte á súa natureza, o obxecto do contrato de préstamo a subscribir será por tanto a obtención de capitais para o financiamento de actuacións de investimento sinaladas no parágrafo anterior, de acordo co previsto nos artigos 311 e seguintes do Código de

Comercio.”

O modelo de proposición económica inclúe unha declaración expresa de aceptación das condicións do Prego...”

14.- Con data 02/08/2023, o Banco Sabadell presenta un escrito, onde manifesta: “...Que la condición establecida en la Base Tercera del Pliego para la contratación de la operación de préstamo de referencia según la cual “O período de dispoñibilidade da conta de crédito comezará na data en que se formalice o contrato e durará ata 31.12 do ano 2043 data na que en todo caso se producirá a consolidación da débeda” incurre en el error de señalar el día 31/12/2043 como fecha límite para la disponibilidad del capital del préstamo y de duración del contrato, cuya incompatibilidad con la naturaleza jurídica propia del préstamo y con lo dispuesto en el resto de Bases reguladoras del contrato resulta patente si se la compara con lo establecido en la siguiente Base Cuarta para el cómputo del plazo de duración del préstamo: “O contrato a subscribir terá unha duración de vinte anos e 20 anos (18 anos máis dous decarencia), a partir da data de formalización da operación” pero, sobre todo, con los requisitos de las Condiciones Particulares aplicables a la operación comprendidas en el Anexo Técnico del Pliego las cuales exigen el establecimiento de un calendario de amortización por trimestres vencidos una vez finalizado el periodo de carencia de 2 años para el reembolso del capital entregado, sin cuya previa determinación de la deuda objeto de amortización no es posible fijar el importe del capital integrante de las cuotas de amortización que según las referidas Condiciones Particulares debe permanecer constante a lo largo de la vida del préstamo. Luego, el cumplimiento de las Bases del Pliego y la posibilidad de su gestión operativa requiere que el inicio del periodo de amortización del préstamo sea consiguiente a la finalización del periodo de carencia y para la entrega del capital que es cuando se produce efectivamente la consolidación de la deuda objeto de amortización, tal y como se regula en el documento Anexo nº 2 integrante de la Póliza de Préstamo aportada por el Banco como modelo para la formalización de la operación. En virtud de lo expuesto, SOLICITA que teniendo por presentado este escrito y por hechas las anteriores manifestaciones, previo el reconocimiento de la improcedencia del periodo de disponibilidad fijado en la Base Tercera del Pliego, se acuerde declarar ajustadas a las Bases y Condiciones Particulares aplicables al préstamo para financiar la obra de “Rehabilitación do Pazo do Martelo” las condiciones que para la entrega del capital, plazo de carencia y periodo de amortización se establecen en la Póliza de Préstamo y en los Anexos integrantes de la misma, presentados por BANCO DE SABADELL como documentos para la formalización de la referida operación, revocando y dejando sin efecto el requerimiento de referencia y con los restantes pronunciamientos que en derecho correspondan.

15.- Advertido deste xeito que o disposto na cláusula 3ª do prego que rexe a licitación: “...O período de dispoñibilidade da conta de crédito comezará na data en que se formalice o contrato e durará ata 31.12 do ano 2043, data na que en todo caso se producirá a consolidación da débeda.”, se trata dun erro non subsanable das normas de preparación do contrato, ao non fixar un período ou data factible de dispoñibilidade da conta do crédito, o que impide formalizar o contrato en documento administrativo axustándose con exactitude

ás condicións da licitación,

16.- Visto o informe da tesourería obrante no expediente de data 25/08/2023,

17.- Visto o informe da intervención municipal de data 25/08/2023,

18.- Vistas as bases que rexerán a contratación dunha operación de préstamo a longo prazo de data 28/08/2023,

19.- Visto o informe xurídico en relación á lexislación aplicable e procedemento a seguir de data 28/08/2023,

Á vista de todo o anterior, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, o PLENO desta Corporación, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento de licitación publicado na Plataforma de contratación do Sector público en data 31/05/2023, e non formalizar o contrato adxudicado ao Banco Sabadell por acordo do pleno da corporación de data 27/07/2023, ao advertir que a cláusula 3ª do prego que rexe a licitación contén un erro non subsanable das normas de preparación do contrato, ao non fixar un período ou data factible de dispoñibilidade da conta do crédito, que impide formalizar o contrato en documento administrativo axustándose con exactitude ás condicións da licitación, de conformidade co establecido no artigo 152 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Declarar a urxencia do expediente de contratación por razóns de interese público, por ter a obra para cuxo financiamento se concerta a operación de préstamo un prazo de execución de 12 meses, e ter que estar executada e xustificada antes do 30/09/2024, ao estar cofinanciada con cargo ás axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

TERCEIRO.- Aprobar as bases que rexerán a contratación dunha operación de préstamo a longo prazo coa finalidade de financiar a obra de "Rehabilitación do Pazo do Martelo" de data 28/08/2023, (que figuran como Anexo) e dispor a apertura do procedemento de licitación, mediante tramitación urxente aos efectos de que as entidades interesadas presenten as proposicións.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente, en particular os pregos que recollen as condicións da nova operación.

CUARTO.- Remitir invitación ás seguintes empresas:

- a.-Banco Bilbao Vizcaya. Argentaria.
- b.-Banco Santander.
- c.-Abanca
- d.-Caixabank

e.-Banco Sabadell.

Anexo.- BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A OBRA DE "REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO"

1º.- OBXECTO DO CONTRATO

De acordo co disposto no artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o obxecto do presente contrato é a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo para o financiamento da rehabilitación do Pazo do Martelo, obra financiada parcialmente coas axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Co fin de garantir os principios do artigo 1 da LCSP sobre liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, e asegurar, o principio de integridade e eficiente utilización dos recursos públicos, redáctanse, as presentes Bases.

2.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O presente contrato está excluído do ámbito obxectivo da Lei9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o disposto no artigo 10, da referida norma, e o artigo 52.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

O contrato rexerase:

- en canto á súa preparación e adxudicación: polas presentes bases, e en defecto de normas específicas pola LCSP, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo. Os actos ditados nesta fase do procedemento serán recorribles ante a Xurisdición Contencioso Administrativa.
- en canto aos seus efectos e extinción: pola normativa de dereito privado que lle resulte de aplicación, en virtude da súa natureza, resolvéndose as cuestións litixiosas correspondentes ante a xurisdición civil.

3.- PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA

A licitación sométese ao principio de prudencia financeira establecido no artigo 48 bis do RDLex2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais, e á definición da mesma pola Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral de Tesouraría e Política Financeira.

4.- CONDICIÓN DA OPERACIÓN

4.1. Importe da operación

A operación a concertar terá un importe de **1.090.639,26 €**

Obxecto da operación	Financiamento PRTR	Importe préstamo
Rehabilitación do Pazo do Martelo	978.709,98€	1.090.639,26€

4.2.- Prazo da operación

O contrato terá unha duración de 20 anos, e contempla un dobre período:

a. Período de libre disposición e carencia: de 2 anos e comezará o primeiro día do trimestre natural a aquel no que se formalice o contrato. Durante este período a operación funcionará como unha conta de crédito, podendo o Concello de Rianxo dispoñer dos fondos previa petición á entidade financeira. Aboaranse xuros unicamente polo capital disposto e desde a súa efectiva disposición.

Unha vez rematado este período de 2 anos de carencia, o importe das disposicións será a débeda consolidada como préstamo, a amortizar polo concello.

b. Período de amortización: iniciarase desde o día seguinte á finalización do período de libre disposición e carencia, e terá unha duración de 18 anos. Durante este período reembolsarase o principal e os xuros correspondentes, mediante liquidacións trimestrais calculadas co sistema lineal, de cotas de amortización constantes, e efectuarase o seu pago mediante cargo na conta corrente operativa que teña aberta o concello na entidade adxudicataria. A primeira cota farase efectiva o derradeiro día do trimestre natural correspondente ó inicio do prazo de devolución.

4.3.- Índice de referencia

O índice de referencia aplicable será o EURIBOR a tres meses. Para os efectos desde contrato, enténdese por EURIBOR A TRES MESES, o xuro ao que se ofrecen os depósitos interbancarios en euro a prazo de tres meses dentro da zona da Unión Monetaria Europea entre os bancos, e que se publica ás 11.00 horas da mañá, hora de Bruselas, a través de Bridge Telerate REUTERS, ou axencia análoga.

O tipo de referencia que se empregará será o publicado o SEGUNDO día hábil inmediato anterior ao do inicio do novo período de revisión.

Os valores do índice de referencia inferiores a cero teranse en consideración para o cálculo dos xuros, polo que se deducirán del diferencial pactado, salvo no suposto de que a suma do diferencial mais o tipo de referencia fora negativa, caso no que se considerará que o xuro aplicable é igual a cero.

As ofertas poderán sinalar o tipo substitutivo no caso de que, por calquera razón que afecte ó mercado, non se puidera determinar a vixencia do mencionado no parágrafo anterior.

4.4. Cálculo, liquidación, reivindicación e pago de xuros

Nos dous tramos da operación, a liquidación e o vencemento de xuros será por trimestres naturais e axustaranse ao disposto nesta cláusula.

Revisións trimestrais:

O tipo de xuro será revisado cada tres meses. A entidade financeira comunicará ao concello, dentro dos sete primeiros días naturais de cada período, o tipo de xuro a aplicar na seguinte liquidación.

Pagamento dos xuros:

Os xuros aboaranse polo Concello por trimestres naturais vencidos, os días 1 de abril, 1 de xullo, 1 de outubro e 31 de decembro de cada ano. Os xuros devindicados trimestralmente cargaránse, xunto coa cota de amortización no seu caso, na conta operativa aberta na entidade Financeira adxudicataria.

Deivindicación e cálculo dos xuros:

Os xuros devindicaranse por días naturais e o seu importe será o resultado de multiplicar cada un dos sucesivos saldos debedores diarios do período de liquidación polo tipo que resulte de aplicar ó tipo de referencia o diferencial ofertado e multiplicalo polos días naturais de cada saldo disposto no período liquidado, sobre a base dun ano de 365 días.

$$\text{Xuros Trimestrais} = \frac{\sum (\text{capital disposto} * \% \text{ tipo aplicable a cada período} * \text{días})}{365}$$

Tipo % aplicable a cada período: EURIBOR 3 MESES + diferencial ofertado

4.5. Custo total máximo

O artigo 4.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, dispón que as Administracións Públicas sométense ao principio de sostenibilidade financeira.

Por sostenibilidade financeira enténdese, segundo o apartado 2 do artigo 4 citado, “a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea”.

Para o cumprimento da sostenibilidade financeira, as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira, ao abeiro do artigo 4.3 da LOEPSF e do artigo 48.bis do RD Lex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento das entidades locais. O artigo 3 prevé establece que “El coste total máximo de las operaciones de endeudamiento, incluyendo comisiones y otros gastos, salvo las comisiones citadas en el anexo 3, no podrá superar el coste de financiación del Estado al plazo medio de la operación, incrementado en el diferencial que corresponda según lo establecido en el anexo 3 de esta Resolución.”

Para o cálculo do Custo de Financiamento do Estado emprégase a táboa de diferenciais máximos aplicables publicada no Anexo I da Resolución da Dirección Xeral do Tesouro, de 5 de xullo de 2023 (a vixente na actualidade), posto que o Concello de Rianxo non consta con ferramentas de valoración propias. Posto que a vida media da operación é de 133,5 meses, e a táboa do dito Anexo I non recolle esa duración, o custo de financiamento do estado aplicable a esta operación é o resultado de interpolar linealmente os dous diferenciais máis próximos ao prazo medio da operación (50 puntos básicos para unha operación cunha vida media de 132 meses e 54 puntos para unha operación cunha vida media de 144 meses).

O Concello de Rianxo non cumpre as condicións de carácter subxectivo para a adhesión ao Fondo de Impulso Económico, previstas no artigo 50 do RDLei 17/2014, de 26 de decembro, polo que o diferencial máximo a aplicar sobre o Custo de Financiamento do Estado será o 75 % (75 puntos básicos).

A operación de crédito non poderá superar o CUSTO TOTAL MAXIMO, que queda fixado, tal e como estipula a Resolución da Secretaría Xeral do tesouro de 4 de xullo de 2017:

Importe operación	1.090.639,26€
Duración	20 anos
Carencia	2 anos
Periodicidade dos pagos	trimestral
Tipo (fixo/variable)	variable
Tipo de referencia (EURIBOR a 3 meses)	
Vida media en anos	11,125
Vida media en meses	133,50
Custe financeiro máximo do Estado segundo vida media da operación (CFE)	49,50 (48,375+1,125)
Diferencia adicional por vida media superior a 10 años	1,125
Tipo de operación	Outras operacións (EELL que non cumpren elixibilidade)
Diferencial sobre CFE	75

CTM (Resolución Prudencia Financiera publicada no BOE 7-8-2023)	+ 1,245 %
--	------------------

O cumprimento da condición de custo máximo da operación considerarase no momento de apertura do proceso de licitación que é data de aprobación do prego de condicións técnicas e administrativas do contrato. Se na data de aprobación deste Prego estivera publicada unha nova Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro pola que se actualiza o anexo 1, o custo da operación non poderá superar o Custo Total Máximo que resulte de aplicar a nova táboa.

4.6.- Amortización

O período de amortización será trimestral, por trimestres naturais, desde a finalización do período de carencia de 2 anos.

O sistema de amortización será lineal, con cotas de amortización de capital constantes.

O Concello poderá anticipar o pago total ou parcial do importe da débeda pendente en calquera momento, cancelándoa totalmente, así como efectuar entregas parciais a conta da débeda sen que elo supoña gasto nin comisión algunha por estes reembolsos totais ou parciais, e sen necesidade de aviso previo á Entidade Financeira adxudicataria, podéndose aplicar estas amortizacións ou ben a reducir o prazo de amortización ou ben a minorar a cota, segundo sinale o Concello.

4.7.- Xuros de mora

Os xuros de demora non poderán superar o tipo de xuros da operación máis unha recarga do 2% anual.

4.8.- Gastos e comisións

Os únicos gastos que satisfará o Concello serán os xuros, calculados na forma establecida neste prego, sen que poidan repercutirse outros por comisións, corretaxes, comisións de indispoñibilidade etc

4.9.- Garantías

Durante a vixencia do contrato de préstamo e ata a total cancelación das súas obrigas, o concello consignará nos correspondentes orzamentos anuais as cantidades necesarias para facer fronte ó pago de intereses e amortizacións derivados do presente contrato.

Non se aceptarán ofertas que condicionen a concertación da operación á prestación de garantías adicionais por parte do concello ou esixan a domiciliación ou afectación dos recursos do mesmo ao pago das contías derivadas da operación.

5.- IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA DA OPERACIÓN

Os gastos derivados do presente contrato serán imputados ás correspondentes aplicacións

dos capítulos 3 e 9 do orzamento de gastos. A tal fin, o Concello de Rianxo comprométese a consignar anualmente no orzamento municipal, ata a cancelación do préstamo, as contías precisas para facer fronte os pagos que lle resulten esixibles en cada momento.

6.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS

6.1 Invitación para participar no procedemento

O Concello invitará formalmente a participar no procedemento ás seguintes entidades financeiras, por ter todas elas sucursal aberta na termo municipal, ou ben por manter -ou ter mantido- relacións mercantís con Concello:

- Banco Bilbao Vizcaya Argentaria
- Banco Santander
- Abanca
- Caixabank
- Banco Sabadell

Ao mesmo tempo, publicaranse as presentes bases na Plataforma de Contratación do Sector Público para que calquera entidade financeira interesada poida participar.

6.2 Capacidade

Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato as entidades de crédito ás que fai referencia o artigo 1 da Lei 10/2014, de 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, debidamente inscritas no Rexistro Oficial do de Bancos, Caixas de Aforros e Cooperativas de Crédito do Banco de España, e que ademais reúnan os seguintes requisitos:

Primeiro. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas polo artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Esta condición acreditarase mediante declaración responsable conforme ao modelo que figura como ANEXO I de este prego.

Segundo. Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e co Concello de Rianxo.

Esta condición acreditarase mediante declaración responsable conforme ao modelo que figura como ANEXO I de este prego. A verificación de estar ao corrente das obrigas coa Facenda Local verificarase polo Concello que incorporará ó expediente os certificados expedidos ao efecto pola Tesouraría Municipal respecto das entidades licitadoras.

Terceiro. Estar adherida ao Código de Boas Prácticas para a reestruturación viable das débedas con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual.

Este requisito verificarase polo Concello, coa consulta das entidades adheridas publicada no portal do Banco de España e recollidas na Resolución de 16 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Economía e Apoio a Empresa (BOE núm. 307 de 23 de decembro de 2022).

XX

6.3 Contido das Proposicións

A presentación de proposición supón a aceptación incondicionada da totalidade das cláusulas ou condicións deste Prego, sen salvedade nin reserva algunha, así como oferta en firme non suxeita a ningún tipo de condición, autorización ou avaliación posterior por parte da entidade financeira.

Dentro do prazo sinalado, os licitadores presentarán:

SOBRE A:

- Declaración responsable conforme ó modelo que figura como Anexo I neste prego.
- Documento acreditativo da constitución como Entidade Financeira, mediante o correspondente Rexistro Oficial de Bancos, Caixas de Aforros e Cooperativas de Crédito do Banco de España.
- Certificado acreditativo de estar ao corrente de pago nas Obrigas coa Facenda Local.
- Certificado acreditativo de estar ao corrente de pago nas obrigas tributarias co Concello de Rianxo.
- Certificado acreditativo de estar ao corrente de pago nas obrigas coa Seguridade Social.

SOBRE B:

- Proposición económica de acordo co Anexo I.

6.4 Prazo de presentación

Será de 8 días naturais (tramitación de urxencia) a contar dende a recepción da invitación ou no se caso á publicación destas bases no Perfil do Contratante do concello. As entidades interesadas poderán solicitar toda a información financeira que estimen do concello ata o límite de 5 días naturais da data de finalización de presentación de ofertas. Toda a información solicitada será publicada no Perfil do Contratante do concello.

6.5. Forma de presentación

A presentación de ofertas farase exclusivamente de xeito telemático a traveso do Perfil del contratante del Concello de Rianxo que se encontra na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/>).

7.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Tomarase como referencia o TIPO DE XURO ofertado por cada licitador na proposición económica do SOBRE B conforme ó modelo que figura como Anexo I neste prego.

Asignaranse 100 puntos á oferta que resulte cun tipo mais baixo. O resto das ofertas puntuarán, de acordo coa fórmula seguinte:

$$\text{Puntuación} = 100 - [((\text{xuro da oferta a valorar} - \text{xuro mais baixo ofertado}) / \text{xuro mais baixo ofertado}) * 100]$$

En caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios de desempate

1º.- Adxudicarase o contrato á entidade financeira que ofrezca un menor tipo de xuro de mora.

2º.- De persistir o empate, como último criterio de desempate utilizarse o sorteo, que será efectuado pola Mesa de Contratación na mesma sesión de apertura das ofertas.

8.- ÓRGANO DE AVALIACIÓN

As ofertas presentadas serán valoradas por unha comisión avaliadora, integrada polos seguintes membros, podéndose requirir ás entidades financeiras aclaracións de dúbidas e emenda de deficiencias que se poidan presentar.

Presidente:

- Alcalde, ou persoa en quen delegue

Vogais:

- Secretario Xeral da Corporación
- Interventor da Corporación
- Tesoureira da Corporación
- Técnico de Administración Xeral, que actuará igualmente como Secretario

9.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Consonte o previsto no artigo 22.1.m) da Lei 7/85, de 2 de abril, a competencia para concertar a presente operación de préstamo corresponde Ó PLENO.

10.- APERTURA DAS PROPOSICIÓNS, ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OPERACIÓN

10.1 Apertura das proposicións

A comisión avaliadora regulada na base 8ª procederá á apertura das proposicións presentadas nun acto de carácter público no prazo máximo de 1 mes dende a finalización do prazo de presentación de ofertas.

10.2 Adxudicación

Unha vez celebrado o acto público de apertura, a comisión de avaliación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas -aplicando para elo os criterios sinalados na base 7ª-, e o órgano de contratación requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Acreditación de poder bastante de representación da persoa que vaia a proceder á firma do contrato.
- Borrador do contrato a asinar co Concello para a formalización da operación de crédito á que se presenta oferta, asinado polo representante da entidade. O borrador conterá en todo caso as condicións establecidas con carácter mínimo e obrigatorio neste prego.

Aportada a anterior documentación pola entidade financeira, o órgano de contratación efectuará adxudicación ao seu favor. En caso contrario, procederase a requirir a presentación da documentación á entidade que resultara clasificada en segundo lugar pola comisión avaliadora, e así sucesivamente.

O mesmo sucederá en caso de que o contrato a asinar non se axuste ao previsto nestas bases.

Non obstante o indicado nesta base, o Concello resérvase a potestade de deixar deserto a licitación de considerarse que as condicións ofertadas non son convenientes para o interese xeral.

10.3 Formalización

Unha vez adxudicado o mesmo será formalizado ante a Secretaría deste Concello en documento administrativo, ou ben en documento notarial, correndo en este último caso cos gastos a entidade prestamista, para o cal o contratista será citado cunha antelación mínima de dous días hábiles.

Se por causas imputables á entidade adxudicataria o contrato non se formalizase nos 10 días naturais posteriores á notificación da adxudicación, o concello poderá libremente resolver e deixar sen efecto a anterior adxudicación e adxudicar ó contrato a seguinte oferta máis vantaxosa ou desistir do mesmo, declarándoo deserto.

Non se admitirán polo Concello no documento de formalización a inclusión de calquera cláusulas, xerais ou particulares, que contraveñan as condicións do presente prego ou que repercutan no Concello calquera clase de gastos, comisións ou impoñan calquera clase de restrición. En caso de contradición entre o documento de formalización e as presentes bases, prevalecerá sempre o disposto nas bases.

En calquera caso o Concello reservase o dereito de rexeitar de forma motivada calquera cláusula que supoña unha perda para os seus intereses, sendo a súa decisión obrigatoria

para o contratista.

10.4 Disposición

As disposicións de fondos efectuaranse mediante a correspondente petición de traspaso subscrita pola Alcaldía, ou persoa que o substitúa legalmente, coa toma de razón do Interventor e do Tesoureiro.

As peticións de disposición serán atendidas o día hábil seguinte ao da súa recepción.

As cantidades dispostas se adeudarán na conta corrente de crédito con abono á conta operativa que se sinale polo concello, sen custe algún para este, sendo as datas valor de cargo e abono as mesmas.

11.- INFORMACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA DO CONCELLO DE RIANXO

Os efectos de que as Entidades poidan levar a cabo os estudos sobre a solvencia financeira do Concello, poderán acceder a información publicada a tal efecto na plataforma de contratos do sector público.

Para información económico-financeira adicional, ou para a formulación de preguntas sobre a operación, deberá solicitarse a través da, e será contestada dentro dos 3 días hábiles seguintes.

ANEXO I

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona _____co DNI número_____, e domicilio a efectos de notificacións en _____(provincia de_____), rúa_____, C.P._____, teléfono número_____, mail _____, actuando en representación de_____, con domicilio en _____, CIF N°_____, inscrita coma entidade financeira n o Rexistro oficial do Banco de España co número _____, fai constar que enterado da licitación por parte do Concello de Rianxo dunha operación de crédito a longo prazo por importe de **1.090.639,26€**, declaro, con intención de obrigar á Entidade Financeira por min representada, o seguinte:

PRIMEIRO.- Que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta.

SEGUNDO.- Que a entidade cumpre cos requisitos establecidos no prego para concorrer á presente licitación e que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección se achan en ningunha das prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017 LCSP.

TERCEIRO.- Que dispón de solvencia económica, financeira e técnica para participar nesta licitación e que se acredita coa presentación da acreditación da alta no Rexistro de entidades

de crédito do Banco de España.

CUARTO.- Que a Entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda Local, impostas polas disposicións vixentes tal e como se acredita na documentación aportada no SOBRE A, autorizando expresamente ao Concello de Rianxo a realizar as consultas precisas para verificar este requisito.

QUINTO.- Que a entidade está adherida ao Código de Boas Prácticas para a reestruturación viable das débedas con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual.

SEXTO.- Que a entidade acepta expresamente o Prego de Condicións administrativas e prescricións técnicas en todos os seus extremos.

SÉTIMO.- Que efectúa, en nome da Entidade a seguinte oferta para a concertación da referida operación de crédito:

IMPORTE: 1.090.639,26€

Tipo de xuro ofertado: Euribor 3 meses + %

Xuro de mora: %

Custo total máximo: EU 3M+1,245%

Resolución de 3 de agosto de 2023 (**BOE 07 agosto 2023**). O cálculo actualizarase si na data de aprobación do prego xa se publicou unha nova Resolución de Prudencia Financeira

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.